

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

1677 *Real decreto 112/2017, do 17 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento penitenciario militar.*

A Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, dispón no seu artigo 348 que «as penas que se deban cumprir en establecementos penitenciarios militares realizaranse conforme o disposto na dita lei e no Regulamento de establecementos penitenciarios militares, que se inspirará nos principios da Lei orgánica xeral penitenciaria, acomodados á especial estrutura das Forzas Armadas».

Este mandato legal segue sendo fundamento do regulado neste regulamento que, ben que debe recoller a experiencia adquirida desde a promulgación do anterior en 1992 e unha mellor adaptación á lexislación penitenciaria común, mantén no seu breve articulado exclusivamente as normas específicas e singularidades propias da organización militar, con remisión e tratamento idéntico, no non regulado, ao réxime común, cuxa lexislación ten o carácter de norma xurídica supletoria.

A consideración militar do ámbito penitenciario regulado neste regulamento, lugar de cumprimento das penas de privación de liberdade de acordo co artigo 12.2 do Código penal militar, aprobado pola Lei orgánica 14/2015, do 14 de outubro, fai que, tendo como finalidade fundamental a reeducación e a reinserción social, como marca o artigo 25.2 da Constitución española e o sinala como fins primordiais o artigo 1 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, se deban protexer tamén os principios de unidade, disciplina e xerarquía, así como o cumprimento de dereitos e deberes esenciais, propios da organización militar. Por isto deben exixirse aquelas pautas, actitudes, comportamentos e actividades de tratamento que, dentro dunha organización militar, permitan o mantemento dos citados principios, co fin da reinserción social do penado e, de ser o caso, da súa reincorporación ás Forzas Armadas.

Así mesmo, o ámbito de aplicación deste regulamento esténdese a quen deba cumprir as medidas cautelares de detención e de prisión preventiva, de acordo co previsto nos artigos 208 e 219 da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, e na Lei de axuizamento criminal.

O militar debe cumprir as regras de comportamento que determina a Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Por isto, débese establecer como obxectivo da Administración penitenciaria militar que o militar recupere os valores que perdeu e que como servidor público lle demanda o Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproban as reais ordenanzas para as Forzas Armadas, cando establece que o militar debe actuar conforme as características das Forzas Armadas de disciplina e xerarquía, dar primacía aos valores éticos e comportarse con dignidade, integridade, responsabilidade, exemplaridade e honradez.

De igual modo, e tendo presente as singularidades propias do ámbito castrense, expresadas pola súa lexislación e os bens que esta protexe, así como a súa finalidade de preservación dos xa citados principios de unidade, disciplina e xerarquía, resulta necesario incorporar ao seu réxime disciplinario unha especial aplicación dos tipos penitenciarios que teña en conta o carácter militar do establecemento penitenciario militar.

No devir temporal do Regulamento de establecementos penitenciarios militares, aprobado mediante o Real decreto 1396/1992, do 20 de novembro, sucedéronse diferentes cambios que o afectan, así: a evolución na estrutura e implantación territorial das Forzas Armadas, o peche de establecementos penitenciarios militares –dos cales actualmente só queda o situado en Alcalá de Henares–, a incorporación da muller ás Forzas Armadas e, polo tanto, á poboación reclusa do establecemento penitenciario militar, a suspensión da prestación do servizo militar obrigatorio e a profesionalización das Forzas Armadas, as

sucesivas modificacións sufridas polo Código penal, especialmente no disposto sobre redención de penas polo traballo e a creación das novas penas de localización permanente ou de traballos en beneficio da comunidade recollidas no Real decreto 840/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as circunstancias de execución das ditas penas. A influencia dos citados cambios fai necesaria a adaptación do articulado que quedou desfasado, ou inaplicado, con efectos no eido da intervención e do tratamento dos penados, ou na necesidade de habilitar establecementos militares distintos dos penitenciarios para o cumprimento de determinadas penas alternativas.

A actual existencia dun só establecemento penitenciario militar, de carácter polivalente (no cal coexisten diferentes internos clasificados nos tres graos de tratamento, con separacións entre homes e mulleres, preventivos e condenados, ademais das propias establecidas na lexislación militar en función do emprego), a inexistencia dun centro directivo da Administración penitenciaria militar, xunto coa actual realidade de que exista unha única autoridade penitenciaria militar, o director do establecemento penitenciario militar, permite manter neste órgano as competencias atribuídas a órganos existentes na lexislación penitenciaria común, como a Xunta de Tratamento e director do centro, e as propias do «centro directivo».

Por outro lado, a necesidade de conciliar o dereito á igualdade efectiva entre mulleres e homes, postulado na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, co dereito á intimidade dos internos recoñecido na Constitución española, fai necesario establecer unhas normas que permitan a adaptación da organización dos servizos de vixilancia interior no establecemento penitenciario militar.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recoñece o dereito dos cidadáns a identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramitan os seus expedientes. No ámbito das competencias do Ministerio de Defensa, a obriga xenérica de identificación dos membros das Forzas Armadas vén establecida no Real decreto 194/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproban as normas sobre seguridade nas Forzas Armadas. Atendendo ás peculiaridades das funcións e das tarefas do persoal civil e militar que presta os seus servizos no establecemento penitenciario militar en relación directa cos internos, faise necesario preservar os expresados dereitos e garantir, ao mesmo tempo, a necesaria reserva dos seus datos de carácter persoal.

Con este regulamento incorpórase ao sistema penitenciario militar a experiencia adquirida durante a longa andaina do regulamento derogado, a introdución das formas de cumprimento de novas penas, a adaptación dos beneficios penitenciarios ao vixente Código penal e, en xeral, todos aqueles medios e elementos encamiñados á reeducación dos internos para a súa reinserción social ou a súa reincorporación ás Forzas Armadas, como finalidades primordiais da Administración penitenciaria militar.

Desde o punto de vista da organización do establecemento penitenciario militar, considerouse conveniente recoller, no capítulo II, a organización que aparecía diseminada en diversos preceptos do derogado Real decreto 1396/1992, do 20 de novembro, que non supón ningún incremento de persoal, polo que non comporta, en ningún caso, un aumento dos custos do capítulo I e se pode afrontar coas actuais dotacións orzamentarias de persoal.

Durante a súa tramitación, o proxecto deste real decreto foi sometido ao informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e déuselles coñecemento deste ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, recibiu o informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de febreiro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento penitenciario militar.

Apróbase o Regulamento penitenciario militar (en diante, o Regulamento), cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. Normativa aplicable.

A normativa sobre establecementos penitenciarios militares estará integrada por este regulamento, polo réxime disciplinario contido no regulamento que se cita no segundo parágrafo desta disposición adicional e polas disposicións que o ministro de Defensa dite en desenvolvemento deste regulamento.

Será lexislación supletoria o Regulamento penitenciario aprobado mediante o Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro.

Disposición adicional segunda. Membros da Garda Civil.

As referencias que o Regulamento fai ás Forzas Armadas ou aos seus membros comprenden o corpo da Garda Civil ou os seus membros.

Disposición adicional terceira. Cadros de persoal.

En atención ao número de internos e ás necesidades do servizo, o subsecretario de Defensa, tras os trámites regulamentariamente establecidos, determinará o cadro de persoal de cada un dos establecementos penitenciarios militares, que especificará os postos que deberán ocupar militares, con expresión do seu emprego militar, funcionarios civís e persoal laboral.

Disposición adicional cuarta. Ingreso en establecementos psiquiátricos penitenciarios e noutros centros.

Para o cumprimento das resolucións xudiciais que así o establezan, o ministro de Defensa subscribirá aqueles convenios que permitan o ingreso de preventivos e condenados pertencentes ás Forzas Armadas en establecementos psiquiátricos penitenciarios, centros de deshabitación e centros educativos especiais.

Disposición adicional quinta. Non incremento do gasto público.

Da aplicación da regulación contida no novo regulamento que se aproba con este real decreto non poderá derivar, en ningún caso, incremento dos custos de persoal.

Disposición transitoria única. Atribucións e competencias do director do establecemento penitenciario militar.

Mentres non sexa designado o órgano directivo do Ministerio de Defensa como centro directivo da Administración penitenciaria militar, e mentres exista un só establecemento penitenciario militar, o seu director exercerá, ademais das atribucións que o Regulamento lle confire e na medida en que non resulten incompatibles con este, as competencias que a normativa penitenciaria común lle atribúe ao centro directivo.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 1396/1992, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de establecementos penitenciarios militares, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación penitenciaria.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de febreiro de 2017

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA

REGULAMENTO PENITENCIARIO MILITAR

TÍTULO I

Dos establecementos penitenciarios

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto regular os establecementos penitenciarios militares.

2. O seu ámbito de aplicación esténdese a quen deba cumprir as medidas cautelares de detención e prisión preventiva ou as penas privativas de liberdade impostas pola comisión de delitos militares, así como as impostas a militares por delitos comúns, sempre que a sanción penal non comporte a perda da condición de militar, todo isto de acordo co previsto pola lei.

Artigo 2. *Finalidade dos establecementos penitenciarios militares.*

1. Os establecementos penitenciarios militares regulados neste regulamento teñen como finalidade primordial a reeducación dos internos co fin da súa reinserción social ou, de ser o caso, a súa reincorporación ás Forzas Armadas, así como a retención e custodia dos detidos, presos e penados. Igualmente, teñen ao seu cargo un labor asistencial e de axuda para os internos.

2. O subsecretario de Defensa poderá designar, de conformidade coa Lei procesual militar, os establecementos militares como centros de internamento para cumprimento de penas alternativas. Para estes efectos, e logo de conformidade do ministro do Interior, poderanse considerar como establecemento militar os acuartelamentos do corpo da Garda Civil.

Artigo 3. *Os dereitos fundamentais.*

1. Os condenados a penas privativas de liberdade, penas alternativas e os presos preventivos e detidos gozarán dos dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución e

demais dereitos que lles conceda o resto do ordenamento xurídico, coa excepción dos que se vexan expresamente limitados polo contido da resolución xudicial, da resolución condenatoria e os seus efectos.

2. O réxime de prisión preventiva ten por obxecto reter o interno á disposición da autoridade xudicial. O principio constitucional da presunción de inocencia presidirá o réxime penitenciario dos internos preventivos ou provisionais e dos detidos.

Artigo 4. *Dereitos dos internos.*

1. Garántense a liberdade ideolóxica e relixiosa dos internos e o seu dereito á honra, a seren designados polo seu propio nome, á intimidade persoal, á información, á educación e á cultura, ao desenvolvemento integral da súa personalidade, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e a elevar peticións, queixas e recursos ás autoridades por conduto do director do establecemento.

2. Os responsables dos establecementos penitenciarios militares velarán pola vida, integridade e saúde dos internos e facilitaranlles o exercicio dos seus dereitos civís, políticos, sociais, económicos e culturais, sen exclusión do dereito de sufraxio, salvo que sexan incompatibles co obxecto da súa detención, prisión ou cumprimento da condena.

3. Os responsables dos establecementos penitenciarios militares velarán polo cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. *Os establecementos penitenciarios militares como unidade militar.*

1. Os establecementos penitenciarios militares, sen prexuízo da súa condición de institucións penitenciarias, serán unidades das Forzas Armadas que se acomodarán á estrutura, á organización e ao réxime xeral das ditas unidades.

2. Estarán adscritos á Subsecretaría de Defensa, que determinará o seu número e localización, e establecerá os medios persoais, materiais e económicos para o seu adecuado funcionamento, sen prexuízo do apoio loxístico que non poida ser prestado por ela, que será facilitado pola cadea loxística de cada exército.

Artigo 6. *A asistencia sanitaria.*

1. Aos internos dos establecementos penitenciarios militares garantiráselles a atención médico-sanitaria, así como a prestación farmacéutica e as prestacións complementarias básicas que deriven desta atención.

2. As prestacións sanitarias garantiranse con medios propios dos establecementos penitenciarios militares ou da sanidade militar.

CAPÍTULO II

Dos órganos e persoal dos establecementos

Artigo 7. *O director.*

En cada establecemento penitenciario o director exercerá o mando directo deste e de todo o persoal destinado nel, e terá as facultades que as ordenanzas e os regulamentos militares sinalan para os xefes de unidade.

Así mesmo, e sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única, corresponderanlle as competencias e atribucións que a regulamentación penitenciaria común determina para os directores de establecementos penitenciarios e a Xunta de Tratamento.

Artigo 8. *O subdirector.*

En cada establecemento, se o número de internos ou as necesidades do servizo o requiren, nomearase un subdirector, que substituirá o director en caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, nomeará os servizos diarios e será o principal apoio do director, coas tarefas que este lle asigne.

Artigo 9. *Organización do establecemento penitenciario militar.*

1. En cada establecemento existirán as áreas de Exterior, Interior, Tratamento, Sanidade e Xurídica.

2. O xefe da Área de Exterior xestionará os apoios de persoal e loxística, necesarios para o funcionamento do establecemento e o logro da finalidade que ten encomendada.

3. O xefe da Área Interior organiza o servizo de vixilancia interior, propón as normas de funcionamento de réxime interior, xestiona e controla a participación dos internos nas distintas actividades psicosociais, de tratamento e deshabitación, así como as educativas, formativas, socioculturais e deportivas.

4. O xefe da Área de Tratamento, designado polo director entre o persoal do corpo militar de Sanidade destinado no establecemento, establece o programa individualizado de tratamento de cada interno, supervisa e avalía a execución das actividades programadas polo equipo de observación e tratamento, eleva as propostas de progresión ou regresión de grao, os permisos dos internos e beneficios penitenciarios. Será substituído, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, polo militar máis caracterizado do equipo de observación e tratamento.

5. O xefe da Área de Sanidade xestiona a atención primaria que se dispensará aos internos e a asistencia hixiénico-sanitaria dos establecementos, así como a coordinación de todas as actividades sanitarias.

6. O xefe da Área Xurídica exerce as tarefas propias do xurista criminólogo, asesora xuridicamente o director, infórmao das instancias e recursos interpostos polos internos e informa os internos sobre a súa situación penal, procesual e penitenciaria.

Artigo 10. *O servizo.*

1. Diariamente, de entre os cadros de mando que se determine, nomearase un oficial de incidencias que resolverá as que xurdan segundo instrucións do director.

2. O xefe de servizo será nomeado diariamente entre os cadros de mando do establecemento segundo instrución do director. É o mando inmediato do persoal de vixilancia interior e garante a permanencia da acción de dirección. Durante o seu servizo comunicará as novidades que se produzan a través do oficial de incidencias e adoptará as decisións que segundo a lexislación penitenciaria non admitan demora.

Artigo 11. *O servizo de vixilancia interior.*

1. O servizo de vixilancia interior prestarao persoal militar ou civil. O persoal militar, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade, de acordo coa disposición adicional terceira da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, desenvolvida regulamentariamente no artigo 30.1.e) das normas sobre seguridade nas Forzas Armadas, aprobadas mediante o Real decreto 194/2010, do 26 de febreiro.

2. O servizo interior desempeñarse con uniforme regulamentario e sen armas.

3. Para a realización do servizo organizaranse equipos e á fronte de cada un deles nomearase un xefe de equipo ou celador maior que, como principal colaborador do xefe de servizo e seguindo as súas instrucións, distribuirá o servizo, controlará a execución das tarefas propias dos diferentes postos de traballo e levará a relación dos internos e o control das súas obrigas persoais, así como a execución das normas que regulen o funcionamento interior, especialmente daqueles que desempeñen algún traballo ou actividade.

Artigo 12. *Número de identidade profesional.*

1. Aos compoñentes da Policía Militar, persoal militar e civil destinado no establecemento penitenciario militar, asignaráselles un número de identidade profesional que utilizarán na súa relación cos internos.

2. O persoal enumerado no punto anterior que desenvolva funcións de vixilancia e seguridade deberá levar sobre a roupa de uniforme regulamentario unha placa insignia, na cal figurará o seu número de identidade profesional, que será obrigatorio nas actuacións profesionais que realice no exercicio das súas funcións.

Artigo 13. *Equipo de observación e tratamento.*

1. Os establecementos penitenciarios militares serán atendidos por un equipo de observación e tratamento. O equipo de observación e tratamento estará integrado por un xurista criminólogo, un psiquiatra, un psicólogo, un médico e un ou varios traballadores sociais. Ademais, participarán directamente no tratamento, a través do procedemento que se estableza, o mestre ou quen exerza a función educativa, os educadores sociais e os monitores deportivos ou ocupacionais.

2. O subsecretario de Defensa determinará aqueles establecementos que terán o seu propio equipo de observación e tratamento. Outro equipo de observación e tratamento, dependente directamente da dita autoridade, atenderá aqueles establecementos que non o teñan.

Artigo 14. *Cadro de persoal e relación de postos de traballo.*

1. Os establecementos penitenciarios militares terán definido o seu cadro de persoal orgánico e a relación de postos militares que se estableza. Do mesmo xeito, establecerase unha relación de postos de traballo para o persoal funcionario e laboral.

2. Para a catalogación dos postos de traballo terase en conta o seu carácter de institución penitenciaria, en especial o carácter polivalente dos establecementos e as tarefas específicas de cada posto de traballo, atendendo ao disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, tendo en conta as funcións penitenciarias encomendadas e, en especial, a salvagarda dos dereitos de intimidade e dignidade dos internos.

CAPÍTULO III

Vixilancia e traslados

Artigo 15. *Vixilancia e seguridade exterior.*

A vixilancia e a seguridade exterior dos establecementos penitenciarios militares corresponderán á Policía Militar. Poderán, así mesmo, encomendarse á Garda Civil, logo de autorización do Ministerio do Interior.

Artigo 16. *Vixilancia interior.*

1. A vixilancia no interior dos establecementos estará encomendada a persoal militar coa adecuada formación, ou a persoal civil do Ministerio de Defensa coa especialización necesaria, baixo a dirección e o mando do xefe da Área de Interior, conforme as ordes e instrucións do director.

2. Non obstante, por petición do director, nos supostos de graves alteracións da orde no establecemento poderase requirir a intervención da Policía Militar encargada da vixilancia exterior ou da Garda Civil. Nestes casos, o director manterá as súas competencias e deberá facilitar a actuación da forza, así como a execución dos seus procedementos para a restauración da orde.

3. Salvo no suposto do parágrafo anterior deste artigo, o persoal de vixilancia e seguridade exterior non poderá intervir no réxime e vixilancia interior.

Artigo 17. *Saídas de internos por orde de autoridades xudiciais e gubernativas.*

1. As saídas e, de ser o caso, os traslados de localidade dos internos preventivos para a práctica de dilixencias ou celebración de xuízo oral realizaranse logo de orde do órgano xudicial de que dependan.

2. No caso de que un órgano xudicial solicite o traslado dun penado que non estea á súa disposición para a práctica de dilixencias, o director solicitará previamente autorización do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria.

Artigo 18. *Saídas de internos para consultas ou ingreso en hospitais.*

1. A saída dos penados para recibiren asistencia médica que non poida ser prestada no establecemento en que se encontren será acordada polo director, por proposta razoada dos seus servizos médicos, da cal se dará conta ao xuíz de vixilancia, e cuxa autorización previa será necesaria no caso de que deban quedar ingresados no centro hospitalario correspondente, salvo en supostos de urxencia, en que o director, con igual proposta, poderá conceder a autorización, da cal dará conta ao dito xuíz.

2. Cando se trate de presos preventivos ou de detidos nos mesmos supostos, deberase solicitar previamente a autorización do órgano xudicial ou administrativo a cuxa disposición se encontren, salvo en supostos de urxencia, en que o director poderá autorizar o traslado, do cal dará conta a aqueles.

Artigo 19. *Mando militar acompañante.*

1. Os traslados de internos efectuaranos, de conformidade co establecido na Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, sempre militares de igual ou superior emprego ao do interno; para tal efecto, por proposta do director do establecemento, o director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa solicitará da autoridade ou mando militar que corresponda a designación dun militar que os acompañe.

2. O militar designado non terá responsabilidade na custodia e velará, durante a condución ou traslado, polo tratamento adecuado á condición e ao emprego militar do interno.

Artigo 20. *Responsabilidade nos traslados.*

As saídas e os traslados efectuaranse de forma que se respecten a dignidade e os dereitos dos internos, a condición e o emprego militar, así como a seguridade na súa condución e permanencia no centro sanitario correspondente. A condución e custodia dos traslados do persoal interno serán realizados pola Policía Militar ou polas forzas e corpos de seguridade do Estado.

TÍTULO II

Do réxime penitenciario

CAPÍTULO I

Réxime xeral

Artigo 21. *Finalidades e información aos internos.*

1. O réxime dos establecementos penitenciarios militares terá como finalidade conseguir unha convivencia ordenada que permita o cumprimento dos fins previstos pola lexislación procesual penal para os detidos e presos, e levar a cabo o tratamento respecto aos penados.

2. Os internos recibirán, no momento do seu ingreso, información escrita sobre o réxime do establecemento, os seus dereitos e deberes, normas disciplinarias e os medios e procedementos para formularen peticións, reclamacións, queixas ou recursos. A quen non poida entender a información polo procedemento indicado seralle facilitada por outro medio adecuado.

3. A designación do establecemento penitenciario e, de ser o caso, o traslado ou cambio de destino dos penados corresponderalle ao director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.

Artigo 22. *Estrutura dos establecementos penitenciarios.*

1. Os establecementos penitenciarios militares dividiranse en distintos pavillóns, seccións, unidades ou departamentos, atendendo ao sexo, estado de saúde, condición ou categoría militar, detidos e preventivos ou penados e, dentro destes, en razón do grao de tratamento. A separación segundo a condición ou categoría militar poderase exceptuar por motivos de seguridade e boa orde do establecemento, pola finalidade do tratamento e a adecuación da súa conduta ás exigencias da condición militar, e disto darase conta ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, aquelas actividades que sexan compatibles coa causa ou motivo da separación ou clasificación poderanse realizar en común, ao criterio do director, logo de informe do equipo de observación e tratamento.

Artigo 23. *Distribución dos internos.*

1. Os internos ocuparán cuarto ou cela individual na sección ou unidade a que sexan destinados.

Existirán celas, seccións ou departamentos separados dos demais para os que acaban de ingresar no establecemento, penados en primeiro grao, para os preventivos incomunicados ou en réxime pechado e para os sancionados con illamento. En todo caso, esas celas, seccións ou departamentos serán das mesmas características que as do resto do establecemento.

2. En caso de insuficiencia temporal de aloxamento, ou por indicación do médico ou do equipo de observación e tratamento, poderase recorrer a dependencias colectivas. Nestes casos os internos serán seleccionados adecuadamente.

Artigo 24. *Obrigas do interno.*

1. Os internos adecuarán o seu comportamento e corrección nas súas relacións ás características das Forzas Armadas de disciplina e xerarquía. Así mesmo, teñen a obriga de cumprir os preceptos regulamentarios relacionados coa orde, sanidade e hixiene, así como conservar coidadosamente as instalacións do establecemento e os útiles e vestiario que lles sexa entregado.

Ademais, quen manteña a condición de militar respectará o principio de neutralidade política e sindical, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes das Forzas Armadas.

2. Os internos deberán manter unha actitude de respecto e consideración, propia do carácter militar do establecemento.

3. Así mesmo, estarán igualmente obrigados ás prestacións persoais necesarias para a boa orde, limpeza e hixiene do establecemento.

Artigo 25. *Traslado de persoal interno por razóns extraordinarias.*

1. Por razóns de urxencia e se media motín, agresión física con arma ou outro obxecto perigoso, toma de reféns ou intento de fuga, a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa poderá acordar o traslado do interno a outro establecemento. Este acordo necesitará da ulterior aprobación do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria ou órgano xudicial de que depende o interno, sen prexuízo da súa executividade inmediata.

2. Do traslado darase conta de inmediato ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria e ao órgano xudicial de que dependa o interno, se este for preventivo.

CAPÍTULO II

Réxime aplicable aos preventivos

Artigo 26. *O ingreso de presos e detidos.*

1. O ingreso dunha persoa en prisión en calidade de detido ou preso efectuarase mediante orde xudicial de detención ou mandamento de prisión da autoridade xudicial competente, salvo o disposto nos números 4 e 6 deste artigo.

2. Os detidos serán postos en liberdade polo director do establecemento se, transcorridas as setenta e dúas horas seguintes ao momento do ingreso, non se recibiu mandamento ou orde de prisión do órgano xudicial competente.

3. No suposto de que a orde de detención á disposición de autoridade ou órgano xudicial determinados non proceda destes, o director do establecemento comunicarllo a quen sexa competente dentro das vinte e catro horas seguintes ao ingreso do detido. Se no prazo de setenta e dúas horas desde o ingreso non se recibiu orde ou mandamento xudicial, o director porao en liberdade e comunicarllelo á autoridade que ordenou o ingreso e ao órgano xudicial a cuxa disposición foi posto.

4. No suposto de que a orde proceda da Policía Xudicial, así como das autoridades ou dos seus axentes facultados legalmente para iso, nela deberán constar expresamente os seguintes datos:

- a) Datos identificativos do detido.
- b) Delito imputado.
- c) Autoridade xudicial ou administrativa que ordena a detención ou a cuxa disposición se encontra.
- d) Hora e día de vencemento do prazo máximo de detención.

5. A dirección do establecemento poderá denegar motivadamente o ingreso cando na orde de detención que se entregue non consten expresamente as citadas cuestións.

6. Cando a detención fose acordada polo Ministerio Fiscal, na orde constarán os datos de identificación das dilixencias de investigación e o momento de vencemento do prazo máximo de detención.

Artigo 27. *Incomunicación de presos ou detidos.*

Se na orde ou mandamento de ingreso se dispón a incomunicación do preso ou detido, unha vez practicada a súa identificación e recoñecido medicamente, pasará a ocupar a cela que o director dispoña e só poderá ser visitado polo médico, de ser o caso, polo persoal encargado do comunicado e polas persoas que teñan expresa autorización do órgano xudicial. Mentres permaneza nesta situación, o director do establecemento adoptará as medidas encamiñadas á eficacia da incomunicación, de acordo co que dispoñan as leis procesuais penais, así como as especiais indicacións que en cada caso formule o xuíz ou tribunal competente.

Artigo 28. *Liberdade de presos e detidos.*

1. A liberdade dos detidos e presos só poderá ser acordada pola autoridade ou órgano xudicial competente, os cales expedirán ao director do establecemento o mandamento necesario para que aquela teña lugar, sen prexuízo do disposto no artigo 26 deste regulamento. Previamente a que o director do establecemento dite a orde de posta en liberdade, revisarase o expediente persoal do interesado para comprobar que este non se encontra suxeito a outras responsabilidades.

2. Tras identificar a quen deba ser liberado, entregaráselle certificación comprensiva do tempo de privación de liberdade e facilitaráselle o título de viaxe ou medios para incorporarse á unidade do seu destino ou, de ser o caso, ao seu domicilio habitual.

Artigo 29. *Tipos de réxime de preventivos.*

1. Con carácter xeral, o réxime dos detidos e presos será o previsto no capítulo III deste título.

2. Con carácter de excepción e absoluta separación dos penados, tamén poderán ser destinados aos departamentos especiais de réxime pechado, dando conta á autoridade xudicial da cal dependan, aqueles internos preventivos en que concorran as circunstancias descritas no artigo 32 deste regulamento.

CAPÍTULO III

Réxime aplicable aos penados

Artigo 30. *Ingreso dos penados.*

O ingreso dos penados no establecemento que en cada caso designe o director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa será ordenado polo órgano xudicial competente unha vez que a sentenza condenatoria sexa firme. Non obstante, se no momento de adquirir firmeza a referida sentenza lle resta ao interno ata a súa liberación definitiva ou condicional un tempo de cumprimento inferior a dous meses, poderá seguir destinado na sección de preventivos ou no establecemento onde se encontre.

Artigo 31. *Do réxime penitenciario segundo o grao de tratamento.*

1. O réxime aplicable aos penados estará en función do grao de tratamento en que se encontren. O primeiro grao, que será excepcional, cumprirse en departamentos especiais de réxime pechado; o segundo grao, en réxime ordinario, e o terceiro grao, se procede, en réxime aberto.

2. Non obstante, co fin de facer o sistema máis flexible, o director, logo de informe dos técnicos do equipo de observación e tratamento, poderá acordar, respecto de cada penado, que se adopte un modelo de execución no cal se poidan combinar aspectos característicos de cada un dos mencionados graos. Esta medida deberá estar fundamentada nun programa de tratamento específico que doutra forma non poida ser executado. A dita medida será excepcional e necesitará a ulterior aprobación do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria, sen prexuízo da súa executividade inmediata.

3. A clasificación inicial e os pases dun a outro grao acordaraos o director do establecemento á vista do protocolo de clasificación, da evolución no tratamento penitenciario e dos expedientes persoais, logo de informe dos membros do equipo de observación e tratamento e do xefe da Área Interior.

4. Para pasar progresivamente dun grao a outro, os penados deberán observar boa conduta global. A progresión no grao de clasificación dependerá da modificación positiva daqueles factores directamente relacionados coa actividade delituosa, que se manifestará na actitude e conduta global do interno e entrañará un incremento da confianza e unha evolución no seu tratamento penitenciario co fin da súa reinserción social ou reincorporación ás Forzas Armadas.

5. Para efectos do pase ao terceiro grao teranse en conta, ademais, as circunstancias que sinala o parágrafo segundo do artigo 34 deste regulamento.

6. Como consecuencia da mala conduta ou do resultado e evolución do tratamento do interno, o director do establecemento poderá dispor a regresión deste a un grao inferior, con informe previo dos técnicos do equipo de observación e tratamento.

7. Os acordos que o director adopte nesta materia notificaráselle ao interno, que poderá acudir en vía de recurso ante o xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria.

Artigo 32. *Internos cualificados de perigosidade extrema ou inadaptación manifesta.*

1. Cumprirán as penas en departamentos especiais en réxime pechado os penados que, por seren cualificados de perigosidade extrema ou aqueles cuxa conduta sexa cualificada de inadaptación manifesta ao réxime penitenciario ordinario ou aberto, sexan clasificados en primeiro grao de tratamento.

2. A cualificación de perigosidade extrema ou inadaptación manifesta axustarase ao disposto na lexislación común respecto aos factores valorables para a súa apreciación e revisión da resolución clasificadora. Ademais, ponderaranse aquelas condutas que atenten especialmente contra os principios propios da institución militar e, en especial, os de unidade, xerarquía e disciplina.

Artigo 33. *Do réxime ordinario.*

1. O réxime xeral de cumprimento das condenas será o ordinario correspondente ao segundo grao.

2. No momento do seu ingreso, os penados deberán permanecer no pavillón e na sección ou unidade de ingreso o tempo mínimo necesario que precise a súa valoración penitenciaria por parte do equipo de observación e tratamento, así como o recoñecemento polo médico e a realización da proposta de destino.

3. No horario sinalaranse as actividades obrigatorias ou optativas, así como as actividades e os obradoiros programados e o emprego de tempo libre.

4. Programaranse actividades específicas de tratamento penitenciario, formación militar, culturais, deportivas ou recreativas orientadas a evitar a inactividade. Estas actividades poderanse realizar dentro ou fóra do establecemento.

Artigo 34. *Do réxime aberto.*

1. Cumprirán as penas en réxime aberto os penados clasificados en terceiro grao por considerar que, ben inicialmente, ben por evolución favorable en segundo grao, poidan recibir tratamento en réxime de liberdade restrinxida.

2. Non será de aplicación o réxime aberto ao penado que non teña cumprida a cuarta parte da totalidade da súa condena ou condenas, a non ser que concorran favorablemente cualificadas as outras variables intervinientes no proceso de clasificación, para o cal se valorarán especialmente o carácter primario da actividade delituosa, a boa conduta e a madurez ou equilibrio persoal. Ademais, a quen manteña a condición de militar estudaráselle as variables de integridade, responsabilidade, exemplaridade e honradez. Neste suposto será necesario un período de tempo suficiente que permita o estudo adecuado do interno e constate a concorrencia nel das variables mencionadas.

3. En ningún caso se poderá clasificar un penado en terceiro grao se se encontra en situación de prisión preventiva en calquera outro procedemento.

TÍTULO III

Do tratamento penitenciario

CAPÍTULO I

Crterios xerais

Artigo 35. *Método para conseguir a reeducación e reinserción.*

Para a consecución da finalidade de reeducación dos internos para a súa reinserción social ou, de ser o caso, a súa reincorporación ás Forzas Armadas, a Administración penitenciaria militar:

a) Deseñará programas de tratamento orientados a desenvolver as aptitudes e actitudes dos internos, mellorar as súas capacidades formativas, técnicas ou profesionais e compensar as súas carencias.

b) Utilizará as técnicas de carácter psicosocial que vaian orientadas a mellorar as súas capacidades e a abordar aquelas problemáticas específicas que poidan ter influído no seu comportamento delituoso anterior.

c) Potenciará e facilitará os contactos do interno co exterior tendo en conta a evolución no tratamento. Estes contactos realizaranse sempre que sexa posible utilizando recursos das Forzas Armadas.

Artigo 36. O programa individualizado de tratamento.

1. As tarefas de observación, propostas de clasificación e tratamento penitenciario realizaranas os equipos de observación e tratamento, cuxa composición e funcións se determinan neste regulamento, e recolleranse no programa individualizado de tratamento que, logo de acordo do director, se lle comunicará ao interno.

2. Para a adecuada execución destas actividades, os equipos de observación e tratamento poderán contar coa colaboración do resto dos profesionais do establecemento penitenciario militar.

3. Facilitaranse a colaboración e participación de profesionais e de institucións ou asociacións públicas ou privadas.

Artigo 37. Participación do interno no tratamento.

1. Estimularase a participación do interno na planificación e execución do seu tratamento. Con este fin, os membros do equipo de observación e tratamento informaranos dos obxectivos, instrumentos e prazos máis adecuados para conseguilo.

2. No deseño dos obradoiros ou actividades dos programas de formación militar que se establezan poderán participar os propios presos ou penados militares na medida en que acrediten a capacidade e a competencia necesarias.

3. O tratamento penitenciario terá carácter voluntario e, para tal efecto, o interno poderá rexeitalo libremente ou non colaborar na súa realización, sen que diso poidan derivar consecuencias disciplinarias, rexementais nin de regresión de grao. En todo caso, o interno será informado do valor do tratamento e da súa evolución para a progresión de grao.

CAPÍTULO II

Programas de tratamento

Artigo 38. Forma de determinación das actividades de tratamento.

As actividades psicosociais, de tratamento e deshabitación, así como educativas, formativas, socioculturais e deportivas determinaranas o director, tendo en conta as propostas do equipo de observación e tratamento, a partir dos programas individualizados de tratamento.

Artigo 39. Actividades e obradoiros.

Tras a clasificación do interno, elaboraranse un programa individualizado de tratamento, revisable polo menos cada seis meses, que deberá conter todas aquelas actividades ou obradoiros para a consecución dos fins de reeducación co fin da súa reinserción social ou, de ser o caso, da súa reincorporación ás Forzas Armadas, que poderán consistir en:

Obradoiros ou actividades de natureza militar.

Obradoiros e técnicas de carácter psicosocial.

Obradoiros culturais ou formativos.

Obradoiros ou actividades de tratamento e deshabitación.

Obradoiros de actuación especializada para internos condenados por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, violencia de xénero ou calquera outra problemática específica.

Artigo 40. *Lugar de realización das actividades ou obradoiros.*

1. Os obradoiros e actividades que formen parte do programa de tratamento poderanse realizar tanto no interior dos establecementos penitenciarios como fóra deles, segundo a evolución do interno.

2. Os establecementos penitenciarios militares terán en conta os recursos existentes nas Forzas Armadas para a execución das actividades do tratamento penitenciario.

3. O Ministerio de Defensa celebrará os convenios de colaboración cos organismos e institucións que permitan o logro dos obxectivos descritos nos programas de tratamento. Para tal efecto, os establecementos penitenciarios militares informaranos dos obxectivos, actividades ou obradoiros que o exixan.

Artigo 41. *Saídas programadas.*

1. Para a realización de actividades específicas de tratamento poderanse organizar saídas programadas destinadas a aqueles internos que ofrezan garantías de facer un uso correcto e adecuado delas.

2. En todo caso, os internos serán acompañados por persoal do establecemento penitenciario, doutras institucións ou por voluntarios que habitualmente realicen actividades relacionadas co tratamento penitenciario dos reclusos.

3. Os requisitos necesarios para a concesión de saídas programadas serán: informe favorable do equipo de observación e tratamento, ter extinguido a cuarta parte da condena ou condenas e observar boa conduta habitual.

4. As saídas programadas serán propostas polo equipo de observación e tratamento e aprobadas polo director. Precisarase a posterior autorización do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria naqueles supostos en que a saída, pola súa duración e polo grao de clasificación do interno, sexa competencia deste órgano xudicial.

5. Como regra xeral, a duración das saídas programadas non será superior a dous días e, en ningún caso, se computarán dentro dos límites establecidos para os permisos ordinarios no artigo 43 deste regulamento.

6. Nas saídas programadas adoptaranse as medidas de seguridade correspondentes.

Artigo 42. *O traballo penitenciario.*

1. O traballo no establecemento penitenciario militar en ningún caso terá un carácter produtivo.

2. O traballo ocupacional que realicen os internos estará comprendido nalgunha das modalidades seguintes:

- a) As de formación profesional.
- b) As dedicadas ao estudo e formación académica.
- c) As prestacións persoais en servizos auxiliares comúns do establecemento.
- d) As artesanais, intelectuais e artísticas.

3. O traballo penitenciario, que constitúe un dereito e un deber do interno, terá carácter formativo e axustarase ás seguintes condicións:

- a) Non terá carácter aflitivo nin será aplicado como medida de corrección.
- b) Non atentará contra a dignidade do interno.
- c) Organizarase atendendo ás aptitudes e aspiracións profesionais dos internos en canto sexan compatibles coa organización e seguridade do establecemento.
- d) Será facilitado pola Administración.
- e) Non se supeditarán ao logro de intereses económicos por parte da Administración.

4. Os presos preventivos poderán realizar traballos ocupacionais conforme as súas aptitudes e aspiracións profesionais.

TÍTULO IV

Dos permisos de saída

Artigo 43. *Permisos ordinarios e extraordinarios.*

1. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, concederáselles aos internos permiso de saída, polo tempo imprescindible, en caso de falecemento ou enfermidade grave dos pais, cónxuxe ou persoa con quen estea unido por análoga relación de afectividade, fillos ou irmáns, nacemento de fillo, así como por importantes e comprobados motivos de análoga natureza. Se se trata de penados clasificados en primeiro grao, será necesaria a autorización do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria; para os detidos e presos, do órgano xudicial de que dependan. Nestes casos solicitarase a autorización con urxencia. Quen non disfrute dos permisos sinalados no seguinte número sairá coas medidas de seguridade adecuadas.

2. Aos penados en segundo ou terceiro grao de tratamento poderáselles outorgar tamén permiso de saída, logo de informe favorable dos membros do equipo de observación e tratamento, de ata sete días seguidos e un límite de trinta e seis ou corenta e oito días por ano, respectivamente, sen outras medidas de seguridade que os compromisos que determine o equipo de observación e tratamento. Estes permisos serán para localidade ou localidades determinadas.

Artigo 44. *Requisitos para a concesión de permisos ordinarios.*

Para se concederen os permisos que sinala o parágrafo segundo do artigo anterior deberán concorrer as seguintes circunstancias:

- a) Que estean clasificados e cumprisen de maneira efectiva a cuarta parte da súa condena. No tempo efectivo computarase a prisión preventiva ou provisional.
- b) Que observen boa conduta habitual e o equipo de observación e tratamento considere o permiso necesario para a evolución do tratamento do interno.
- c) Que non conste, por informacións ou datos fidedignos, a concorrencia de circunstancias peculiares que fagan presumir o quebrantamento da condena, a comisión de novos delitos ou que o permiso poida repercutir desfavorablemente para a adecuación do penado, ao seu regreso, ao réxime penitenciario.

TÍTULO V

Comunicacións, réxime disciplinario, recompensas, peticións e queixas

Artigo 45. *As comunicacións orais, escritas ou telefónicas.*

As comunicacións orais, escritas ou telefónicas, así como as que poidan manter os internos con avogados, procuradores, autoridades e profesionais acreditados, e a recepción ou o envío de paquetes e encargos rexeranse polo establecido no Regulamento penitenciario aprobado mediante o Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, tendo en conta as seguintes normas específicas:

- a) As comunicacións orais poderanse realizar por locutorio, ser de convivencia ou íntimas.
- b) O director do establecemento fixará os días de semana en que se poden comunicar os internos con familiares, achegados e amizades, así como o horario, a forma, o lugar en que se deban efectuar e o número de visitas; non se poderán comunicar máis de catro simultaneamente co mesmo interno. As comunicacións co cónxuxe ou persoa

unida por análoga relación afectiva e familiares de primeiro grao terán preferencia e maior tempo de comunicación.

c) As comunicacións de convivencia ou íntimas dos internos, con familiares ou achegados íntimos, realizaranse en locais adecuados. Entre as medidas dirixidas a evitar a propagación dunha enfermidade transmisible, ás cales alude o artigo 219 do Regulamento penitenciario, aprobado mediante o Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, poderanse denegar as comunicacións de convivencia ou íntimas dos internos con familiares ou achegados íntimos.

d) As comunicacións descritas nos puntos anteriores poderanse limitar, suspender ou, de ser o caso, denegar, por razóns de seguridade, de interese de tratamento e da boa orde no establecemento, así como por actos contrarios ás regras de comportamento exixidas ao militar para aqueles que manteñan tal condición, establecidas no artigo 6 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

En todo caso, a limitación, suspensión ou denegación deberase realizar en resolución motivada, e disto darase conta ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria no caso dos penados ou á autoridade xudicial de que dependa, se se trata de detidos ou presos.

e) O director sinalará o procedemento, a duración e os límites das comunicacións telefónicas. Salvo casos excepcionais libremente apreciados polo director, non se permitirán chamadas telefónicas aos internos desde o exterior.

f) As comunicacións co avogado defensor ou co avogado expresamente chamado en relación con asuntos penais e cos procuradores que os representen non poderán ser suspendidas ou intervidas, en ningún caso, por decisión administrativa; só se poderá realizar logo de orde expresa da autoridade xudicial. As comunicacións con outros profesionais poderán ser suspendidas ou interrompidas cando o exixa unha situación extraordinaria de seguridade do establecemento das descritas no artigo 16.2 deste regulamento, do cal se deberá dar conta inmediata ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria.

g) O director poderá limitar o número e o tamaño de paquetes que poderán recibir os internos cando o requira a seguridade ou a boa orde do establecemento.

h) O director poderá autorizar visitas de persoal do Ministerio de Defensa e do Ministerio do Interior (Garda Civil), solicitadas oficialmente, coas medidas de seguridade que puntualmente se determinen.

Artigo 46. *Réxime disciplinario.*

1. Nos establecementos penitenciarios militares aplicaranse as normas de réxime disciplinario do Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, en materia de infraccións e sancións, tendo en conta o seguinte:

a) As competencias que no dito regulamento se atribúen á comisión disciplinaria e á dirección corresponderán ao director do establecemento.

b) Na enumeración de autoridades ou funcionarios xudiciais ou de institucións penitenciarias entenderanse incluídos as autoridades e o persoal militar e civil do Ministerio de Defensa.

c) Para a aplicación dos tipos disciplinarios teranse en conta o carácter de unidade militar do establecemento penitenciario militar e os bens xurídicos que tal carácter fai necesario protexer, en especial as características das Forzas Armadas de disciplina e xerarquía e, para aqueles internos que manteñan a condición de militar, o principio de neutralidade política e sindical.

2. As sancións impostas en vía disciplinaria penitenciaria serano sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que, de ser o caso, poida corresponder e da responsabilidade disciplinaria militar, sempre que esta última sexa compatible.

3. O procedemento sancionador será o do Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, e serán impugnables as sancións impostas ante o xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria.

4. As sancións contra as cales non se recorre ante o xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria, independentemente de que se cumprisen, poderán ser anuladas ou diminuídas polo subsecretario de Defensa cando se aprecie que a sanción imposta non se axusta a dereito, de acordo co artigo 109.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coas limitacións á potestade revogatoria establecidas nel.

Artigo 47. *Das peticións, queixas e recursos.*

1. Os internos poderán formular peticións e queixas relativas ao seu tratamento, ao réxime do establecemento e a calquera outra materia competencia da Administración penitenciaria militar. Poderano facer verbalmente ou por escrito, de bo modo e ante o director do establecemento ou quen o represente, que as resolverá ou remitirá á autoridade correspondente. Anotaranse nun rexistro e a súa resolución notificaráselle por escrito ao interesado.

2. Os recursos previstos na lexislación procesual ou penitenciaria presentaranse ante o director do establecemento, quen os fará chegar á autoridade xudicial correspondente.

Artigo 48. *Recompensas de carácter penitenciario.*

Os actos que poñan de relevo as regras esenciais que definen o comportamento dos militares, en especial a unidade, xerarquía e disciplina, o respecto das persoas, os seus bens e o ben común, o cumprimento dos seus deberes e obrigas, en especial a participación activa nas actividades de tratamento penitenciario ou ocupacionais organizadas polo establecemento e, en xeral, a conduta exemplar, serán estimulados mediante un sistema de recompensas.

Artigo 49. *Proposta de recompensas de carácter penitenciario.*

A proposta de recompensas requirirá, en todo caso, a ponderación razoada dos factores que a motivan, así como a acreditación da súa concorrencia.

Artigo 50. *Aprobación de recompensas de carácter penitenciario.*

1. As recompensas serán aprobadas polo director do establecemento, por proposta dos xefes das áreas de Tratamento e Interior, e poderán consistir en comunicacións orais de convivencia ou íntimas e extraordinarias adicionais, doazón de libros e outros instrumentos de participación nas actividades ocupacionais, prioridade na participación nas saídas programadas, redución do período de cancelación das sancións impostas, notas meritorias e calquera outra recompensa de carácter análogo ás anteriores que non resulte incompatible cos preceptos regulamentarios.

2. A concesión de recompensas será anotada no expediente penitenciario do interno, con expresión dos feitos que a motivaron.

TÍTULO VI

Dos beneficios penitenciarios

Artigo 51. *Adiantamento da liberdade condicional.*

1. Cumpridos os requisitos do artigo 52 deste regulamento, salvo o cumprimento das tres cuartas partes da condena, o director do establecemento, respecto dos internos condenados pola xurisdición militar, logo de informe dos técnicos do equipo de observación e tratamento, poderá solicitar do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria a aplicación do número 2 e, excepcionalmente, do número 3 do artigo 90 do Código penal, que prevé a posibilidade de suspender a execución do resto da pena e conceder a liberdade condicional cando se cumprisen as dúas terceiras partes ou a metade da condena. Neste

caso, será necesario que nestes penados concorran, durante o tempo transcorrido de condena, as circunstancias ou os requisitos seguintes:

- a) Boa conduta habitual.
- b) Normal cumprimento dos deberes e obrigas do artigo 24 deste regulamento.
- c) Participación con aproveitamento nas actividades de tratamento penitenciario para a reeducación dos internos, para a súa reinserción social ou, de ser o caso, a súa reincorporación ás Forzas Armadas.

2. O cómputo do tempo adiantado calcularase, de ser o caso, de conformidade co previsto no último parágrafo do número 2 do artigo 90 do Código penal.

3. Os ditos beneficios de adiantamento non terán ningún efecto con respecto á liberdade definitiva.

TÍTULO VII

Da liberdade condicional

Artigo 52. *Requisitos.*

1. Aos penados que cumprisen as tres cuartas partes da condena e reúnan os requisitos que se relacionan no artigo 90.1 do Código penal suspenderáselles a execución do resto da pena de prisión e concederáselles a liberdade condicional.

2. Aos penados que cumprisen as dúas terceiras partes da condena e reúnan os requisitos que se relacionan no artigo 90.2 do Código penal poderáselles suspender a execución do resto da pena de prisión e conceder a liberdade condicional.

3. Excepcionalmente, aos penados que cumprisen a metade da condena e reúnan os requisitos que se relacionan no artigo 90.3 do Código penal poderáselles suspender a execución do resto da pena de prisión e conceder a liberdade condicional.

Artigo 53. *Execución da resolución de posta en liberdade.*

1. Unha vez recibida no establecemento penitenciario a resolución de pór un penado en liberdade condicional, o director cubriraa seguidamente e remitiralle copia ao director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.

2. Se a orde de liberdade condicional se recibe antes da data de cumprimento das tres cuartas partes da condena, non se fará efectiva a liberdade condicional ata o mesmo día en que se cumpran, salvo os supostos de adiantamento.

Artigo 54. *Septuaxenarios e enfermos graves.*

1. Malia o disposto nos dous artigos anteriores, os penados que se encontren no terceiro grao de tratamento e que cumprisen a idade de setenta anos ou a cumbran durante a extinción da condena, e reúnan os requisitos establecidos, excepto ter extinguido as tres cuartas partes daquela, poderán ser propostos para a concesión da liberdade condicional.

2. Así mesmo, poderase propor a liberdade condicional, segundo informe médico, cando se trate de enfermos moi graves con padecementos incurables e que se encontren no terceiro grao de tratamento.

Artigo 55. *Vixilancia de conduta do liberado condicional.*

1. Unha vez decretada a liberdade condicional, o director do establecemento expedirá unha certificación de declaración de liberado condicional, que lle entregará ao interesado, e comunicarllo á autoridade ou mando militar que designe o director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa na localidade en que estableza a súa residencia, se non vai volver ás Forzas Armadas.

2. A autoridade ou o mando militar designado ordenará a vixilancia en canto á conduta do liberado condicional. Para estes efectos, a autoridade ou mando militar designado executará o programa individualizado de seguimento que, previamente e por proposta dos técnicos do equipo de observación e tratamento, será establecido e elevado polo director do establecemento ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria, que o aprobará se procede, e poderá incorporar ao auto polo cal acorda a liberdade condicional aquelas regras de conduta que xulgue oportuno.

3. A posta en liberdade condicional comunicaráselles tamén ao tribunal sentenciador, ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria e ao director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.

Artigo 56. *Títulos de viaxe.*

Aos internos, tras ser acordada a súa liberdade condicional, facilitaráselles título de viaxe ao lugar en que fixen a súa residencia ou á súa unidade de destino.

TÍTULO VIII

Da liberdade definitiva

Artigo 57. *Da posta en liberdade definitiva.*

1. Para a posta en liberdade definitiva dos condenados a penas de prisión será precisa a aprobación da dita liberdade polo tribunal sentenciador.

2. En caso de penas de ata un ano de privación de liberdade, entenderase aprobada a liberdade definitiva coa remisión da liquidación de condena en que figure o día en que aquela quedará cumprida.

3. Tres meses antes do cumprimento da condena, o director do establecemento formularalle ao tribunal sentenciador proposta de licenciamento definitivo para o día en que o penado deixe extinguida a súa condena, conforme a liquidación practicada no procedemento.

4. Se, un mes antes do día sinalado para o cumprimento da pena, non se obtivese contestación, reproducirase a proposta e farase constar que se cursa por segunda vez.

5. Se, transcorridos quince días desde a segunda proposta, non se recibise resposta, o director do establecemento solicitará a aprobación da liberdade definitiva e, no caso de non obter contestación, excarcarará o penado o día en que extinga definitivamente a pena, se non está pendente doutras responsabilidades.

6. Aos internos, una vez acordada a súa liberdade definitiva, facilitaráselles título de viaxe ao lugar en que fixen a súa residencia ou á súa unidade de destino.

Artigo 58. *Anotación no expediente persoal.*

1. O director do establecemento expedirá a correspondente nota no expediente persoal de quen cumpra definitivamente a condena e, tanto se esta se cumpriu totalmente no establecemento como se se permaneceu a última parte dela en liberdade condicional, expedirá certificacións de liberdade definitiva ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria e ao tribunal sentenciador, co fin de que conste tal circunstancia no procedemento. Tamén se remitirá outra certificación ao director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa e á unidade de destino no momento de comisión dos feitos.

2. Cando a liberación definitiva dos penados non sexa por cumprimento total das penas senón por aplicación de medidas de graza, o director do establecemento absterase de pór en liberdade ningún dos internos ata que reciba orde do tribunal sentenciador.

TÍTULO IX

Do cumprimento de determinadas penas

CAPÍTULO I

Dos traballos en beneficio da comunidade

Artigo 59. *Os traballos en beneficio da comunidade.*

Os traballos en beneficio da comunidade, que non se poderán impor sen o consentimento do penado, obríganlo a prestar a súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública relacionadas con delitos de similar natureza ao cometido polo penado.

Artigo 60. *Formas de cumprimento da pena.*

Os penados a traballos en beneficio da comunidade que se encontren internos nos establecementos penitenciarios militares unicamente realizarán o cumprimento desta pena mediante a súa participación en obradoiros ou programas formativos ou de reeducación, laborais, culturais, de educación viaria, sexual e outros similares.

Artigo 61. *Convenios con entidades públicas ou privadas.*

Para o cumprimento destas penas, o ministro de Defensa poderá establecer os oportunos convenios con entidades públicas ou privadas que desenvolvan as actividades descritas no artigo anterior.

Artigo 62. *Plan de execución dos traballos en beneficio da comunidade.*

1. Recibida a sentenza condenatoria de traballos en beneficio da comunidade, o director do establecemento penitenciario militar, tras ser realizada a valoración e elaboración por parte do persoal designado para a xestión de penas e medidas alternativas, aprobará o plan de execución, que se lle ofertará ao penado, do cal se dará traslado ao xulgado togado militar de vixilancia penitenciaria para o seu control, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

2. Non obstante, no caso de que o penado manifeste oposición ao cumprimento do plan de execución, o xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria será informado de tal feito para os efectos que considere oportunos.

Artigo 63. *Instrucións para o cumprimento dos traballos.*

1. Durante o cumprimento do plan de execución, o penado deberá seguir as instrucións que reciba do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria e da dirección do establecemento penitenciario militar, así como as directrices da entidade ou órgano colaborador.

2. Efectuadas as verificacións necesarias, o establecemento penitenciario militar comunicarlle ao xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria as incidencias relevantes da execución da pena, para os efectos e nos termos previstos no artigo 49, condicións 6.^a e 7.^a, do Código penal.

Artigo 64. *Fin do plan de execución.*

Unha vez cumprido o plan de execución, o establecemento penitenciario militar informará de tal cuestión o xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria e o órgano xurisdiccional competente, para os efectos oportunos.

CAPÍTULO II

Da localización permanente

Artigo 65. *Cumprimento da localización permanente.*

A localización permanente que se deba cumprir nun establecemento penitenciario militar por se encontraren os penados internos nel axustarase ao disposto no presente real decreto, sen prexuízo do carácter supletorio do Real decreto 840/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as circunstancias de execución das penas de traballo en beneficio da comunidade e de localización permanente en centro penitenciario, de determinadas medidas de seguridade, así como da suspensión da execución das penas privativas de liberdade e substitución de penas.

Artigo 66. *Execución da pena de localización permanente.*

1. Unha vez recibida a resolución ou o mandamento xudicial que determine o cumprimento da pena de localización permanente en establecemento penitenciario, o director do establecemento penitenciario militar definirá o plan de execución, que será comunicado ao órgano xurisdiccional competente para a execución, sen prexuízo da súa inmediata executividade. Entregaráselle unha copia deste ao penado.

2. Non obstante, no caso de que o penado manifieste oposición ao plan de execución, informarase o órgano xurisdiccional competente para os efectos que considere oportunos.

3. O penado cumprirá a pena de localización permanente na cela que teña asignada.

4. O cumprimento da pena de localización permanente poderase realizar durante todos os días da semana.

5. O penado estará sometido ao réxime xeral do establecemento e, en canto resulte de aplicación á natureza desta pena e á súa forma de execución, deberá respectar as normas de réxime interior.

6. Unha vez cumprida a pena, o establecemento penitenciario remitirá un informe final ao órgano xurisdiccional competente para a execución.

TÍTULO X

Do xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria

Artigo 67. *O xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria.*

1. O xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria terá as competencias e funcións que lle atribúen a Lei orgánica xeral penitenciaria e a Lei orgánica procesual militar.

2. Así mesmo, correspóndelle formular propostas ao Ministerio de Defensa, referentes á organización e ao desenvolvemento dos servizos de vixilancia, á ordenación da convivencia interior dos establecementos, á organización e actividades dos obradoiros, escola, asistencia médica e relixiosa; en xeral, ás actividades rexementais, económico-administrativas e de tratamento penitenciario en sentido estrito, de acordo co establecido no artigo 77 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.

3. As visitas aos establecementos penitenciarios militares, que polo menos terán periodicidade mensual, poderaas realizar o xuíz togado militar de vixilancia penitenciaria en calquera momento, por propia iniciativa ou cando sexa requirido para iso.

4. As resolucións que diten os xuíces togados militares de vixilancia penitenciaria como tales en materia da súa competencia serán notificadas aos interesados e aos fiscais competentes e comunicadas ao director do establecemento para o seu cumprimento, cando así proceda.